



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A FEDERACIÓN GALEGA DE EUROCONSUMO PARA A PROMOCIÓN E O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE ATENCIÓN E RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓNS EN MATERIA DE PROTECCIÓN DOS CONSUMIDORES A TRAVÉS DA MEDIACIÓN E A ARBITRAXE, NAS OFICINAS COAS QUE CONTA NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A DIRECTORA

Do INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA

DECLARA:

Que este/a INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA ten previsto formalizar coa FEDERACIÓN GALEGA DE EUROCONSUMO o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do mesmo con retroacción dos seus efectos dende o 1 de xaneiro de 2019 ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

“Establecer as bases de colaboración, cooperación e coordinación entre o INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA e a FEDERACIÓN GALEGA DE EUROCONSUMO para promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións dos consumidores galegos a través da mediación e a arbitrase de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, a tramitación posterior ó órgano encargado de resolver”.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Primeiro.- Que é un obxectivo do INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA, tal e como se establece no artigo 53.3 da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias, fomentar ás organizacións de consumidores, e mediante este convenio quérese cumprir con ese obxectivo, concretamente coas federacións e asociacións de consumidores de ámbito





autonómico con contrastada experiencia e representatividade na defensa dos consumidores e que formen parte do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, como máximo órgano de representación e consulta en materia de consumo.

Todo elo para promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións dos consumidores galegos a través da mediación e a arbitraje de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, a tramitación posterior ó órgano encargado de resolver.

Segundo.- Ante o escenario actual onde é necesario priorizar os recursos, un dos xeitos de dar servizo ó maior número de consumidores posibles é o de colaborar coas Federacións e asociacións de consumidores de ámbito autonómicas integrantes do Consello Galego de Consumidores e Usuarios, ao tratarse das Organizacións mais representativas que engloban a un gran número de asociacións dispersas por diversas provincias e localidades.

Deste xeito lograse achegar os servizos de protección os consumidores á maioría das persoas consumidoras de Galicia.

Terceiro.- Que de acordo co anterior a FEDERACIÓN GALEGA DE EUROCONSUMO cumpre cos requisitos de organización autonómica e representatividade no CGCU e é un obxectivo do INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións dos consumidores galegos a través da mediación e a arbitraje de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, a tramitación posterior ó órgano encargado de resolver.

Cuarto.- Que de conformidade co disposto no artigo 26.2 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concorren na sinatura do presente convenio razóns de interese público xa que se está a impulsar por parte do INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA unha actividade de interese xeral tal e como é a de promover o desenvolvemento de actuacións en materia de atención e resolución das reclamacións dos consumidores galegos a través da mediación e a arbitraje de consumo, como paso previo á súa resolución ou, no seu caso, a tramitación posterior ó órgano encargado de resolver. Ao mesmo tempo, e segundo o devandito artigo non é posible promover a concorrência xa que a actuación do IGCC vai dirixida a federacións e asociacións que gozan de unha contrastada experiencia neste campo do consumo e unha gran presenza en toda a comunidade autónoma e representatividade. Así, dada a especificidade das características que debe cumprir a entidade, o carácter federativo ou autonómico das mesmas, a súa antigüidade no Rexistro de Asociacións e a súa presenza no Consello Galego de Consumidores e Usuarios, outórgalles unha contrastada experiencia no campo e a súa dispersión e





presencia nas provincias , cumpríndose con aquel requisito de xustificación da non concorrencia. Por outra banda, cómpre ter en conta a ampla porcentaxe da poboación á que se lle da cobertura co proxecto que se pretende levar a cabo coa sinatura deste convenio, dado o carácter de asociación autonómica e integrante do Consello Galego de Consumidores e Usuarios de Galicia que ten a FEDERACIÓN GALEGA DE EUROCONSUMO .

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela na data indicada ó marxe .

